

## **RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DO 15 DE XUÑO DE 2010**

### **LICENZAS**

#### **FAVORABLES.-**

**Lic/1084/2007.- Nasozena, S. L.-** Modificación da licenza concedida por acordo da Xunta de Goberno Local de 6 de agosto de 2007 e legalización de ditas modificacións xa executadas, na obra de contención de taludes executada no SUNP-4 de Cancelas, autorizada pola Xunta de Goberno Local de 6 de agosto de 2007.

**Lic/213/2010.- Manuel Rodríguez Queijo.-** Legalización e remate das obras de rehabilitación da vivenda unifamiliar existente na Ruela de Conxo de Arriba nº 2.

**Lic/49/2010.- María del Pilar Calo Mata.-** Rehabilitación dunha vivenda unifamiliar na rúa Codeseira de amio nº 2

**Lic/321/2010.- Miguel Angel Sixto Prieto.-** Vivenda unifamiliar e demolición de ruina na rúa da Mira nº 34.

**Lic/312/2010.- Carlos Suárez García.-** Vivenda unifamiliar no lugar de Eirexe.

**Lic/288/2010.- José Manuel Rodríguez Castelao.-** Galpón no lugar de Folgoso.

#### **CAMBIO DE USO.-**

**Lic/561/2010.- Matilde Cadahía Losada.-** Cambio de uso da pranta baixa da edificación sita na rúa Santa Marta de Arriba nº 19, destinada a local comercial para uso de garaxe aparcamento privativo individual, segundo a documentación presentada pola interesada con data 5 de maio de 2010.

#### **DEVOLUCIONES DE FIANZA.-**

**1190/10.- Javier Garea Barreiro.-** ..... Expte. Lic/251/2006 ..... 3.500 €.-

**554/10.- Jesús Esteban Nieto Lamela.-** ..... Expte. Lic/466/1999 ..... 464.000 ptas (2.788,67 €).-

#### **APERTURAS.-**

**Lap/105/2008.- Juan Vázquez Mato, S. L.-** Hostal e restaurante na rúa Concepción Arenal nº 8

- Baixo. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente e á Consellería de Xustiza.

**Lap/83/2003.- Embutidos Vallina.-** Comercio maiorista de productos cárnicos na Vía Pasteur nº 59 - Polígono Industrial do Tambre. Informar favorablemente a actividade e remitir á Consellería de Medio Ambiente.

#### **5.- Proposta da Concelleira Delegada de Benestar Social relativa a axudas de carácter social.**

Apróbanse axudas de carácter social por importe de 5.835 euros.

#### **6.- Liquidación dos gastos derivados da publicación do "Decatístico, radiografía dunha época".**

Apróbase a liquidación cun resultado positivo de 2.049 euros.

#### **9.- Proposta do concelleiro delegado de Deportes relativa á convocatoria de subvencións para Escolas Deportivas. Ano 2010.**

Apróbase a convocatoria de subvencións para Escolas Deportivas, ano 2010, e un orzamento de 20.000 euros.

#### **10.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á revisión do prezo de alugueiro mensual de locais para oficinas municipais.**

Apróbase a revisión do prezo de alugueiro dos locais nº1 da rúa Galeras 17 e nº 9 e 10 na rúa Presidente Salvador Allende 7, correspondente ao IPC.

**11.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á revisión do prezo de alugueiro mensual do local nº 3 da rúa Galeras nº 28.**

Apróbase a revisión do prezo de alugueiro do devandito local correspondente ao IPC.

**12.- Proposta da concelleira delegada de Facenda relativa á solicitude de bonificación na taxa por postos e casetas de venda, espectáculos ou atraccións situados en terreo de uso público e por venda de artesanía nas rúas, venda ambulante e rodaxe cinematográfica.**

Concédense os devanditos beneficios e exencións.

**15.- Expedientes en materia de contratación.**

- Resólvese de mutuo acordo o contrato de execución das obras de rehabilitación da Casa de Brandía para centro sociocultural en Vidán (2ª fase) subscrito coa empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES SA, o que non implicará repercusión económica algunha para o Concello.

- Adxudícase a redacción do proxecto de "Rehabilitación dos restos dunha antiga fábrica de curtidos para a creación dun espazo de creación cultural en Belvís-Catalizador de Belvís" incluída no programa Urbana Santiago Norte á ÓSCAR ANDRÉS QUINTELA por importe de 12.000 euros.

- Adxudícase provisionalmente o contrato de prestación do servizo de acceso WIFI en espazos de uso público en distintas zonas de actuación á empresa COLABORA INGENIEROS SL, por importe de 27.871,60 euros.

**16.- Dar conta polo concelleiro delegado de Promoción Económica e Emprego da concesión da subvención da consellería de Traballo e Benestar para a realización de accións formativas para desempregados (Plan AFD 2010).**

Dáse conta da devandita subvención por importe de 313.405,50 euros.

**17.- Dar conta da aprobación da tarifa do aparcadoiro de borde de Santa Marta.**

Dáse conta da aprobación da devandita tarifa: 1,50 euros por acceso; é dicir, o usuario aboará o importe á entrada e poderá estar estacionado todo o día.

**18.- Dar conta da concesión dunha subvención polo Ministerio de Ciencia e Innovación para programas do departamento de Educación.**

Dáse conta da subvención por importe de 1.700 euros para o programa Concurso de Enxeño e Entremento Matemático, e de 5.900 euros para o programa de Educación Ambiental nos centros de ensino de Compostela.

## **URXENCIAS**

1.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas, así como o expediente para a contratación do arrendamento do material de son e iluminación preciso para os concertos que terán lugar na Praza da Quintana durante as festas do Apóstolo 2010 organizados pola Concellería de Festas, por procedemento negociado sen publicidade, establecéndose un tipo de licitación de 51.500 euros.

2.- Acórdase a contratación dun arqueólogo/a para a Sección Municipal de Arqueoloxía por un período mínimo de 6 meses.

3.- Adxudícase definitivamente o contrato de "substitución de materiais e tecnoloxías na rede de auga e alumeadío público, infraestruturas de recollida selectiva de lixo mediante colectores soterrados e mellora de seguridade vial na rúa República do Salvador (Xeneral Pardiñas-Hórreo), incluída no FES 2010" á empresa JESÚS MARTÍNEZ ÁLVAREZ CONSTRUCCIONES SA, por un importe de 430.137,89 euros.

4.- Adxudícase definitivamente o contrato de “**modernización e mellora da xestión e da atención social, incluída no FES 2010**” á empresa TECNOCOM, SA, por un importe de 86.199,60 euros.

5.- Adxudícase definitivamente o contrato de “**recuperación de zona verde na contorna do río Corgo (Salgueiriños), incluída no FES 2010**” á empresa CESPA, SA, por un importe de 407.821,10 euros

6.- Adxudícase definitivamente o contrato de “**implantación dun portal de contratación pública electrónica, incluída no FES 2010**” á empresa EVERIS SPAIN, SL, por un importe de 149.741,38 euros.